

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005233	IES Agra do Orzán	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	3º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	9
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo no que se marca o obxectivo do desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES Agra do Orzán (A Coruña). Nel impártese o Ensino Secundario Obrigatorio (liña 3), Bacharelatos de Ciencias / Tecnoloxía e de Humanidades / Ciencias Sociais e os ciclos formativos de Técnico Superior en Ensinanza e Animación sociodeportiva (TSEAS), así como o Técnico Superior en Acondicionamento Físico (TSAF).

Atópase situado nunha das zonas máis densamente poboadas da Coruña, o que incidiu negativamente no seu momento. O instituto fai de conexión entre os dous barrios dos que se nutre o ventorrillo e o Agra do Orzán. Acolle nas súas aulas a alumnado de moitos países diferentes como Senegal, Costa de Marfil, Romanía, Ecuador, Brasil, Argentina, Perú ou Venezuela. Isto supón que algúns dos nosos alumnos se incorporen ao Centro co curso xa comezado e sen coñecer as linguas vehiculares do ensino. Xunto con esta poboación hai que subliñar tamén que están escolarizados alumnos e alumnas de etnia xitana o que se traduce nunha grande diversidade de alumnado que nos obriga a ter que dar resposta a moitas e moi diferentes necesidades presentes no noso alumnado.

O nivel económico é medio-baixo. Según os datos feitos públicos polo Ministerio de Facenda a renda bruta media no municipio da Coruña no 2016 foi de 28.055€, Unha vez descontada a liquidación por IRPF e o aportado a Seguridade Social a renda dispoñible media situouse en 22.803€. O barrio do Orzán e Ventorrillo é o que ten a renda máis baixa, cunha renda dispoñible media que se sitúa en 18.606 € anuais por persoa. Se a isto engadimos que o número de parados, según os datos publicados polo SEPE no mes de Marzo e de 16.842 persoas cunha Tasa de Paro Rexistrado do 15,41% e que afecta especialmente o noso barrio.

Os grupos seleccionados de 3º ESO A-PDC, 3º ESO B E 3º ESO C, están compostos por 17 alumnas e alumnos 3º ESO A-PDC; 18 alumnas e alumnos de 3º ESO B e 15 alumnas e alumnos de 3º ESO C con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 13 e os 16 anos.

As características en canto á diversidade no grupo poden resumirse nas seguintes, para 3º ESO A- PDC:

- alumnado con cando menos unha repetición no seu expediente: 3.
- alumnado diagnosticado con necesidades educativas especiais como dificultades de comprensión ou necesidade de supervisión individualizada: 2.

No caso do 3º ESO B:

- Alumnado con cando menos unha repetición no seu expediente: 1.
- Alumnado con necesidades educativas especiais como un proceso de transito de xénero ou dificultades de comprensión ou necesidade de supervisión individualizada: 0

No caso do 3º ESO C:

- Alumnado con cando menos unha repetición no seu expediente: 2.
- Alumnado con necesidades educativas especiais como un proceso de transito de xénero ou dificultades de comprensión ou necesidade de supervisión individualizada: 3

Na reunión de avaliación inicial é posible que se coñezan máis características dos grupos referidos previamente.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As posibilidades de actividade física no barrio	Neste proxecto o alumnado procurará información sobre as posibilidades que ten o barrio para a realización de actividades físicas e deportivas como parte dos hábitos de vida saudable e realizará un produto que facilite a súa transmisión aos compañeiros e compañeiras do centro educativo.	34	13	X		
2	Alimentación saudable, alianzas na praza do barrio	Nesta proxecto o alumando afondará sobre a alimentación saudable, realizando investigacións na aula e saíndo a falar coas tendas do mercado barrio, tomando tamén consciencia da necesidade do comercio de proximidade. O produto final será un recetario saudable.	33	11		X	
3	Contaxiamos saúde	Neste proxecto o alumnado afondará nas causas polas que os seus compañeiros e compañeiras non contan con hábitos saudables e deseñaremos estratexias de intervención para intentar mellorar tanto o tempo de actividade física como a alimentación (almorzos) do alumnado do centro.	33	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As posibilidades de actividade física no barrio	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia dos hábitos saudables no presente o mantidos no tempo	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar os recursos e materiais para a realización do proxecto		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as accións planificadas		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar o mapa activo do barrio		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
2	Alimentación saudable, alianzas na praza do barrio	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar os recursos para a realización do proxecto	TI	100
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar os recursos e materiais necesarios		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
3	Contaxiamos saúde	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.	TI	100
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Promoción dos hábitos de vida saudable".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, realizaremos un estudo sobre as posibilidades de lecer activo no barrio podendo escoller entre diferentes produtos finais do proxecto:

- Mapa de recursos de lecer activo do barrio.
- Proposta de roteiro para coñecer recursos de lecer activo no barrio.
- Propostas de modificación de espazos para darlle un uso como recurso de lecer activo no barrio.
- Proposta de grupos de actividade para o proxecto de centro "recreos activos".

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos, realizarán unha inmersión na alimentación saudable tecendo redes de colaboración co mercado do barrio. Os produtos finais entre os que escoller son os seguintes:

- Recetario saudable con produtos do Mercado das Conchiñas.
- Proposta de modificación da oferta da cafetería do centro para que cumpra criterios saudables.
- Organización dun obradoiro de almozos saudables no centro para os compañeiros e compañeiras.
- Mapa con receitas saudables propias dos distintos contextos de orixe do alumnado compoñente do grupo.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado realizará un proxecto que tenta contaxiar os hábitos de vida saudable ás compañeiras e compañeiros do centro, poderanse realizar os seguintes produtos finais:

- Autoxestión de grupos de actividade física nos recreos.
- Organización de actividades deportivas para os compañeiros e compañeiras do centro.
- "Apadriña un sedentario", onde se comprometen a acompañar a unha persa sedentaria mentras realizan actividade física xuntas.
- Deseño de descansos activos.

Terán liberdade no formato de presentación e dos medios, dándolle a máxima difusión o centro educativo, exposicións nos taboleiros e corredores do centro, concello, asociacións culturais....

Poderán elaborar unha revista, unha reportaxe gravada, unha exposición nos corredores...

Poderán ser engadidos novos produtos finais en función dos intereses que amose o alumnado ao abordar as diferentes temáticas.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Educación Física (base conceptual dos hábitos de vida saudable)
- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Xeografía e Historia (espazos e lugares da contorna, momentos históricos...)
- Matemáticas (estadísticas sobre poboacións, tempos...)
- Economía (comparativas nos prezos)
- Tecnoloxía e Dixitalización (buscas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno ou portfolio
Aula de informática
Dispositivos móbiles do alumnado (por grupos e de forma puntual)

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal.

De forma puntual podemos acceder á aula de informática para realizar búsquedas na rede, deseñar documentos ou presentacións, etc.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	34	33	33	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación de dossier informativo co plan de traballo. Presentación do produto final escollido. Exposición breve do produto final no assemblea (grupo de aula).
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Presentación de dossier informativo co plan de traballo. Presentación do produto final escollido. Exposición breve do produto final no assemblea (grupo de aula).
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación de dossier informativo co plan de traballo. Presentación do produto final escollido. Exposición breve do produto final no assemblea (grupo de aula).

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais....

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas diferentes aspectos traballados neste proxecto.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo que o precisen serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo

de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

A metodoloxía de aprendizaxe cooperativo aplicada na realización dos proxectos favorece a integración dos diferentes ritmos de traballo, ritmos de aprendizaxe e niveis de dominio e rendemento, facendo fincapé na riqueza da heteroxeneidade e tendo como referente nun deseño universal das tarefas de aprendizaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Reforzarase o concepto do alumnado como maior expositor dos hábitos de vida saudable, son as maiores influencers que pode ter a nosa comunidade educativa.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita bibliotecas do Ágora e do propio centro	Realizaremos unha visita á biblioteca do centro Ágora que conta cun centro de interese arredor dos hábitos de vida saudable. Despois visitaremos a biblioteca do centro e intentaremos replicar ese centro de interese cos recursos dispoñibles.	X		
Roteiro lecer activo	Participación do grupo na segunda avaliación nun roteiro organizado pola biblioteca do centro Ágora que lles vai a presentar puntos relevantes para ocupar de xeito activo o tempo de lecer no barrio, podendo comparalo cos seus produtos realizados na primeira avaliación.	X		
Visitas ao mercado das Conchiñas	Visita ao mercado do barrio para poder coñecer os alimentos saudables dos que falamos na clase na forma que os atoparemos, fomentando o consumo responsable de proximidade e realizando entrevistas ás persoas responsables dalgunha tenda.		X	
Xornada de actividades de aventura	Realización dunha xornada de deportes aventura na contorna próxima para fechar o curso facilitando o coñecemento de actividades novidasas que podan incorporar a súa ocupación activa do tempo e lecer en verán.			X
Visitas a diferentes centros de actividade física e deportiva da contorna	Visitas programadas a diferentes centros de actividade física e deportiva da contorna para recabar información sobre os mesmos e engadila ao produto final do proxecto, (Brooklin Fitboxing, Rocódromo de AMI, Arena Padel.....Tamén se proveitará avisita para facer unha pequena actividade introductoria á actividade que se desenvolve en cada centro	X	X	
Actividades na praia de Oza	Xornada deportiva na praia de Oza na que o de vela Oza organizará unha mañán de actividades acuáticas para o alumnado (Canoa, Paddle surf.....)			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas

Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Outros
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados